

textos / 81

A morte é breve

de Julio Fernández



Fotografía: Zaida Gómez

RGT

revistagalegadeteatro

— N.º 84 —

Limiar

Todas estas escenas que configuran *A morte é breve*, e que aquí se presentan, durmiron no caixón durante anos, tantos que xa non recordo con claridade o momento no que se iniciou a súa escritura. Sei que traballaba na tremoia, e que colaboraba como escenógrafo para compañías alternativas. E tamén sei que me avergoñaba dicir que “escribía”, coma se o feito de dar renda solta ás miñas fantasías literarias estivese acompañado necesariamente dun inconfesable pudor. Pero asemade, antes de entregar boa parte da miña vida a afortunados ou malogrados proxectos escénicos de todo tipo, eu xa era consciente de que escritura e escena xa estaban unidas mediante unha necesidade: a de comezar a narrar a partir do espazo.

O lugar da ficción como lugar de acción, e que é ocupado intencionalmente polos personaxes para producir paradoxos a través do encontro. Esta é a clave da brevidade pola que deambulan as escenas: reducir a situación a un encontro que tan só abre expectativas, desprazando así a intriga para un máis aló da acción, fóra do estritamente contado. E con todo, malia a evidente apertura, semella que tal encontro non leva máis que a un punto morto, a outro lugar sen saída.

Na escritura, a morte aparecía sen desexalo, coma se o instante necesitara da escura e infinita latencia da morte por baixo da vida para dar sentido ao instante. Ela sobrevoa as escenas como un aguiá a piques de caer en picado sobre as súas presas, a súa vixiante presenza xera incerteza, pero tamén unha irónica transcendencia en quen, na terra, viven o instante como un instante máis, exposto ao accidente mortal, aínda que só dentro dunha cadea de accidentes triviais.

Tamén o humor acompaña ao propio nacemento destas pezas. Sen el, sen un sentido cómico da existencia mortal, tampouco tería sentido dar lugar á acción, porque é grazas a intranscendencia da risa como podemos asimilar a traxedia común e cotiá que nos envolve, aquela que se deixa adiviñar no mar onde un inmigrante é condenado a morrer, ou esoutra que se fai explícita mediante a violencia, a ausencia de horizontes ou a derrota. Ao final, nin sequera a cordura se impón, o paradoxo péchase en si mesmo, deixando aos personaxes sumidos no absurdo, un absurdo que quere abrir fiestras ao desasosego do real.

Julio Fernández Peláez

A MORTE É BREVE

Porta

Dúas mulleres unidas por detrás intentan entrar a través dunha porta estreita.

MULLER 2: Está claro que unha das dúas non poderá entrar.

MULLER 1: Eu non serei capaz de separarme de ti.

MULLER 2: Pero a porta non está preparada para casos como o noso.

MULLER 1: Quedémonos, entón.

MULLER 2: Temos que entrar.

MULLER 1: Non estamos obrigadas.

MULLER 2: Non é cuestión de estar obrigadas ou non. É necesidade.

MULLER 1: Non todo o que é necesario é imprescindible.

MULLER 2: Estas discusións enférmanme.

MULLER 1: Se ti o desexas, non falamos.

MULLER 2: Non é iso, muller. O que pasa é que a nosa situación non ten volta de páxina.

MULLER 1: Poderíamos intentar agrandar os parámetros da porta.

MULLER 2: É unha porta, as portas non teñen parámetros.

MULLER 1: Refírome á magnitude dunha das súas dimensións.

MULLER 2: Non te das conta?

MULLER 1: De que?

MULLER 2: Continuamente te expresas con termos abstractos.

MULLER 1: Non me entendes.

MULLER 2: Non, non te entendo. Por iso mesmo temos que separarnos.

MULLER 1: Pero e os sentimentos?

MULLER 2: Agora, neste momento, os nosos sentimentos xa están separados. Temos dúas cabezas, dous corazóns, brazos e pernas independentes. Separarnos non sería traumático.

MULLER 1: Pero a nosa espiña dorsal é a mesma.

MULLER 2: Ese é o problema.

MULLER 1: Se nos separamos, unha de nós deixará de existir.

MULLER 2: Vexo que me comprendes.

MULLER 1: Xa non me soportas.

MULLER 2: Non é iso, pero quero ser independente. Chegar a outro lugar. A un país no que non sexa tan difícil sobrevivir.

MULLER 1: Non nos vai tan mal.

MULLER 2: Muller, somos escravas, non te das conta?

MULLER 1: Nacemos aquí. É a nosa terra.

MULLER 2: O teu conformismo destrúeme.

Pausa.

MULLER 2: Mira, a min non me importa sacrificar a miña vida por ti. Pero unha das dúas ten que atravesar a maldita porta.

Pausa.

MULLER 2: Temos que separarnos. Imos solicitar que nos separen. Non che doerá, non tes por que preocuparte. E serás ti a que quede coa nosa espiña dorsal. Pero xura que atravesarás o limiar.

Muller 1 salouca.

MULLER 1: Non sé se poderei.

Óese unha portada.

MULLER 2: Total, todo o que contan dese mundo quizais sexa mentira. É posible que neste planeta non haxa un só lugar para nós.

MULLER 1: Caíches na conta con que intensidade brillan hoxe as estrelas?

MULLER 2: Non podo. Ou míralas ti, ou míroas eu.

Mar

Unha muller colgada polos pés da liña do horizonte.

Chega un home nunha barca, dentro hai unha pequena maleta. O home ábrea e mostra á muller o seu contido.

HOME: Reloxos de tempo prolongado. Gravadoras de pensamentos. Obxectos con garantía de marca normalizada e valor perdurable. Mire esta cámara fotográfica, é capaz de captar un suspiro na escuridade máis absoluta. Observe esta cadea de ouro, con ela é posible soñar máis aló do límite dos soños.

VOZ NO CEO: Rogamos a todos os ilegais navegando en calquera embarcación regresen ao punto de orixe.

Un tempo.

MULLER: Ah, segue vostede aí. Non lle comprarei nada, así que non me ofrezca nada. Non necesito marabillas.

HOME: Non son só un vendedor. Son un artesán da palabra. As miñas palabras dan esperanza a quen as escoita.

MULLER: Esperanza é o que me sobra, non o ve?

HOME: Sen dúbida falamos de distintas esperanzas. Onde eu veño, o único que queda é a gran e única desesperanza, aquela que esmiuzamos cada día sen que dela naza froito algún.

MULLER: Dela non son eu responsable.

HOME: E cal é a súa misión?

MULLER: A miña misión?

HOME: Si, algún sentido terá estar colgada dese xeito.

MULLER: Vixío.

HOME: Dende cando?

MULLER: Dende o principio.

HOME: E antes?

MULLER: Iso é historia, a historia dos grandes descubrimentos.

HOME: Escoite, regálolle o contido da miña equipaxe. Ten un gran valor. Pero déixeme seguir, por favor.

MULLER: Non podo, as leis son as leis.

HOME: Haberá excepcións.

MULLER: Non, no sentido en que vostede navega, non.

HOME: Non teño forzas para regresar, e avenciñase un gran tifón. Afogareime, non teño alternativa.

MULLER: Cada cal é responsable dos seus actos.

O home saca da maleta unha caixa baleira.

HOME: Mire, mire dentro da caixa.

MULLER: Non vexo nada.

HOME: Está chea de sabedoría.

A muller ri.

HOME: Está chea de elocuencia, e tamén de bondade.

A muller non pode parar de rir.

O home saca un coitelo de entre as súas roupas, elévase e corta a corda. A muller cae ao mar.

Soa unha alarma.

A barca é atacada desde un millón de frontes.

VOZ NO CEO: Isto é unha advertencia para navegantes indocumentados. Regresen inmediatamente.

Raios X

Unha muller examina unhas placas radiográficas, as lanza ao ar, murmura, prende a radio.

Introdúcese dentro dun aparello de raios X. Dispárase fotografías, sae, suspira.

Chaman á porta.

MULLER: O seguinte!

Entra un home minguado.

HOME ENFERMO: Chego cunha dor no peito tan profunda!

MULLER: Non se alarme, as dores no peito son froito dunha angustia social e colectiva. Catro de cada cinco pacientes acoden cos mesmos síntomas, e todos eles despois de sufrir situacións de desigualdade no seu entorno laboral ou familiar. Todo isto sen confirmar, aínda que polo seu ricto eu diría que estamos ante un caso claro de dor comunitaria, unha dor reflexo da opresión que a nosa sociedade exerce sobre os individuos.

HOME ENFERMO: Cando non podo máis, digo iso mesmo! Que non é culpa miña.

MULLER: As enfermidades nunca son culpa do individuo que as sofre. Quítese a roupa de cintura para arriba.

O home íspese de cintura para abaixo.

MULLER: Díxenlle de cintura para abaixo ou cintura para arriba?

HOME ENFERMO: Non me lembro.

MULLER: Íspase de corpo enteiro, entón.

O home ponse os pantalóns e entra dentro da máquina.

MULLER: Respire fondo.

A máquina dispara un flash.

MULLER: Xa está, pode saír. Vístase.

O home íspese completamente. A muller extrae unha placa da máquina e míraa a través da luz.

HOME ENFERMO: Que teño?

MULLER: A primeira ollada é algo mais que dor. Semella resentimento.

HOME ENFERMO: Que eu recorde non vexo o motivo.

MULLER: O resentimento non é apreciable para quen o sofre. É o froito de anos de silencio ante a adversidade.

HOME ENFERMO: Pode ser que o teña dende a infancia?

MULLER: Podería ser.

HOME ENFERMO: É horrible.

MULLER: Examinareino de novo. Entre por favor. Non estaba vostede en coiros?

HOME ENFERMO: Iso mesmo pensaba eu.

O home entra na máquina de raios X.

MULLER: Vexamos, non só ten resentimento, é que ademais o abandonaron.

HOME ENFERMO: Non é posible. Non estiven nunca emparellado. Podería ser un abandono en futuro?

MULLER: Podería.

HOME ENFERMO: Quedo desacougado.

MULLER: Desacougado e contradito. Si, aquí está o seu destino. O resentimento causaralle celos, e os celos un doloroso abandono. Pero non se preocupe, todo na vida ten remedio. A ver, vírese, si, iso, gústame o seu corpo, ten vostede un vello exuberante, encántame o vello dos homes maduros, e esa barriguiña preciosa. Saque peito, coloque o seu queixo cara arriba.

O corpo do home esborrállase.

Entra un médico. Toma o pulso ao home.

MÉDICO: Está morto.

MULLER: O aparello debe estar escacharrado. Lanza máis raios dos debidos. Eu mesma sinto que son incapaz de mirar sen traspasarillo todo.

MÉDICO: Morreu de sobredose.

MULLER: Díxeno. Díxenllo a última vez que pasou, é importante...

MÉDICO: Está ben, calma... Cando pregunten diremos que...

MULLER: Que era unha persoa sincera, sinxela, entregada, moi transparente e...

MÉDICO: E que non puido soportar os raios X.

Cima dunha montaña

Dous homes están a piques de se bater en duelo. Outras dúas mulleres son as testemuñas.

HOME 2: Creo que é o momento de recordar a normativa.

HOME 1: Estamos de costas, damos dous pasos á fronte, soa o espertador, media volta e disparamos.

HOME 2: De acordo. Chegou a hora da verdade. Xirémonos. Demos a volta.

Soa o espertador nas mans dunha das mulleres. Home 2 vírase e dispara. Home 1 recibe a bala nas costas. Vírase tamén. Mira con espanto ao seu adversario. Home 1 cae.

MULLER 1: Perdón. Creo que soara antes de tempo.

HOME 2: Se non fose porque xa non ten remedio, solicitaría que este duelo tivese lugar de novo.

MULLER 2: Farei que conste en acta.

HOME 2: Pero por qué soou?

MULLER 1: Foi culpa miña, confundinme á hora de calcular os segundos.

MULLER 2: Pero á fin e ao cabo, un dos dous tiña que morrer, non é así?

HOME 2: Non foi un duelo xusto. Eu non respecte a normativa. Nin sequera deramos os dous pasos á fronte regulamentarios.

MULLER 2: Iso non invalida o duelo.

MULLER 1: Tiñamos que usar outro mecanismo máis exacto.

HOME 2: El non tivo opcións, estaba de costas.

MULLER 2: Son cousas do destino, tan absurdas como a puntería.
HOME 2: Nunca saberemos quen dos dous tiña razón.
MULLER 1: A vulgar polo resultado, a razón tela ti.
HOME 2: E non pensarán que este duelo estaba amañado?
MULLER 2: Como amañado?
HOME 2: Si, amañado, que unha de vostedes, ou ambas, recibiran cartos ou favores da miña parte para que o espertador soase antes de tempo.
MULLER 1: É certo. Cabería esa posibilidade.
HOME 2: El, ante a incongruencia dunha lei, decidiu non actuar. Mais eu, pola contra, deixárame levar polos meus impulsos.
MULLER 2: Preocúpame que alguén pense que temos algo que ver cun asunto de corrupción.
HOME 2: Sendo sinceros, el debería gañar.
MULLER 1: Facemos constar iso en acta?
HOME 2: Son un ser mesquiño. Non son mellor que a maioría. Calquera podería facer o que eu estou a facer. Pero por que el non fixo o mesmo ca min? Por que el non se virou cando soou o espertador?
MULLER 2: Quizáis se tratara dun home honorable.
HOME 2: O único que coñecín ata a data de hoxe. En cambio eu...? O meu modo de actuar foi vulgar. Actuei como actúa todo o mundo.
MULLER 1: Quen?
HOME 2: Todos eles.
MULLER 2: Non des nomes. Sería unha gran inconveniencia.
HOME 2: Unha inconveniencia? Unha inconveniencia falar claro sobre unha situación irregular?
MULLER 2: Lembra que ti es o beneficiario desta irregularidade.
HOME 2: Comezo a pensar que vós sodes cómplices.
MULLER 1: Que disparate!
HOME 2: Vós coñeciades a bondade do meu adversario, sabiades que sería incapaz de realizar un acto deshonesto. En cambio eu... Este duelo nunca debeu levarse a cabo.
O home apunta coa súa pistola na propia tempa.
MULLER 2: Agarda.
Muller 2 quíttalle a pistola das súas mans.
MULLER 2: Non te atormentes. O máis probable é que el tivese a razón. Pero ti... Ti estabas condenado a seguir con vida, e condenado tamén a seguir dirixindo a vida da comunidade.
MULLER 1: Da nosa comunidade.

Cabina telefónica

Unha muller pasea cun can mecánico. Soa o teléfono da cabina. A muller dubida. Avanza. Regresa sobre os seus pasos. Non pode evitar entrar na cabina.

MULLER: Si, quen é?

VOZ: Por favor, teclee o número 1 se necesita axuda.

MULLER: Onde chama vostede?

VOZ: Teclee o número 4 se o que quere é falar cun dos nosos operadores.

MULLER: Pero que é isto?

VOZ: Teclee o número 8 para elixir o idioma no que prefire ser atendida.

MULLER: Isto é absurdo.

VOZ: Teclee o número 5 en caso de urxencia.

MULLER: Pero que broma ...?

A muller colga o teléfono. Mira ao seu arredor. Síntese vixiada. Espera. Un home pasa preto dela.

MULLER: Por favor!

HOME: Que desexa?

MULLER: Ocorreu algo moi estraño. O teléfono desta cabina soou de súpeto. Eu tomara o auricular e entón, non sei como explicarllo... É coma se un programa alén da liña estivese seguro de que eu necesitara axuda.

HOME: Naturalmente.

MULLER: Pero eu non necesito axuda de ninguén, polo menos neste intre.

HOME: Está segura?

MULLER: Si.

HOME: E di que o teléfono da cabina...?

MULLER: Varias veces.

HOME: Si, é certo, vivimos vixiados.

MULLER: Que quere dicir?

HOME: Constantemente vixiánnos. Desde alá arriba.

MULLER: Desde onde?

HOME: Pero en que mundo vive? Non me dirá que non escoitara falar do programa VVS, Vexo Vía Sat.

MULLER: Non, nin idea.

HOME: Todo o que aquí na terra facemos é observado a través dese programa. Por esa razón foron instaladas as cabinas polas rúas. Cando alguén pasa con algún problema, sexa do tipo que sexa, o teléfono da correspondente cabina soa. Está segura de que non ten ningún problema nestes momentos?

MULLER: Non, é dicir... Si. O meu can... Acabáronselle as pilas.

HOME: Velo? Sempre hai algún problema. Nas rúas do centro, as cabinas non paraban de soar. Tiveron que quitalas porque a xente deixaba de pasear por alí. Con todo, dubido moito que se trate do seu can, o programa non realiza chamadas por cuestións intrascendentes.

MULLER: Oia, quere dicir que se a min estivera a piques de pasarme algo grave, aquí e agora mesmo, este teléfono avisaríame?

HOME: Efectivamente.

MULLER: E no caso de estar en perigo de morte, tamén?

HOME: Si.

MULLER: É un alivio.

O teléfono soa de xeito insistente.

MULLER: Quen dos dous o colle, vostede ou eu?

HOME: Esa non é a cuestión. A cuestión é outra.

MULLER: Cal?

HOME: Un dos dous, vostede ou eu, está en auténtico perigo.

A muller toma nerviosa o can mecánico nos seus brazos, saca do seu bolso un spray

paralizante, apunta e acciónao sobre o home. El retórcese de dor. A muller apresúrase a coller o auricular da cabina.

MULLER: Por favor, por favor, é urxente. Hai un home a piques de morrer na rúa.

Bañeira

Un home novo no interior dunha bañeira chea de espuma. Un ancián mira cara el.

HOME ANCIÁN: Todo está enfermo e podrecido. Dun tempo a esta parte, estou obsesionado con cambiar o mundo. Soportei demasiadas inxustizas como para seguir sometido a elas. Quédanme poucos anos de vida. Ou cambio a realidade ou suicídome.

HOME NOVO: O que vostede conta pertence á épica e escápase da nosa vontade. Só as forzas supranacionais, os monopolios, os megaorganismos teñen a capacidade de cambiar algo.

HOME ANCIÁN: Pero e o amor?

HOME NOVO: O amor non existe cabaleiro, é unha ficción que se crea no cerebro e chega a ser algo así coma un xeneroso sentimento de réplica e correspondencia.

HOME ANCIÁN: Non estou de acordo. O amor está entre todos nós, é o único que dá sentido á vida.

HOME NOVO: Por iso os animais e as plantas, moito máis vivos que nós, zumegan amor polos catro costados. É a crueldade, amigo, o que dá sentido á vida.

HOME ANCIÁN: De neno pensaba que era un ser especial, un enviado doutro planeta, un ser elixido co obxectivo de cumprir aquí na Terra unha profecía.

HOME NOVO: Todos nos vemos así cando nenos. Tamén eu pensaba que xamais morrería.

HOME ANCIÁN: E con todo, arrastraba xa tan novo un auténtico trauma ás miñas costas.

HOME NOVO: Cal?

HOME ANCIÁN: Estaba convencido de que o meu aparello reprodutor era extremadamente pequeno, ínfimo.

HOME NOVO: Minúsculo?

HOME ANCIÁN: Ridículo, inservible, mínimo.

HOME NOVO: Pero non se trataba dunha deformación, imaxino...

HOME ANCIÁN: Era só unha percepción miña sobre min. Pero este xeito aberrante de verme durou moitos anos. Hoxe mesmo teño dúbidas.

Home novo sae da bañeira, corre. O outro segue os seus pasos.

HOME NOVO: Síndrome de preponderancia bélica en mentalidades fálicas!

HOME ANCIÁN: Nunca puiden ser feliz por esta causa. A idea de ser un impedido, dende un punto de vista sexual, atormentoume cara o resto da miña vida. Por esta razón quero volver ao principio, á orixe de todo, ao momento no que, cando neno, cría que eu era un profeta.

Home novo detense, comeza a facer exercicios para recuperar quentura.

HOME NOVO: Pero vostede é un xeneral, conseguiu un alto rango.

HOME ANCIÁN: Si, agora son un afamado xeneral retirado.

HOME NOVO: Debería estar orgulloso de si mesmo.

HOME ANCIÁN: Non podo estalo, como xa dixera, nacín para cumprir un labor, e aínda non o cumprira.

O home ancián saca un frasquiño da súa chaqueta.

HOME ANCIÁN: Este frasco contén un arma letal que ordenei fabricar como modo de

defensa no caso de ataque masivo. Se derramara o seu contido na bañeira, o líquido chegaría ao océano e provocaría unha reacción en cadea que podería acabar coa vida deste planeta en menos de cinco anos.

HOME NOVO: Chancea.

HOME ANCIÁN: Non.

HOME NOVO: Non o fará. Sería perverso.

HOME ANCIÁN: O mundo está podrecido e é a miña obrigaón loitar por outro mellor. Só desde a nada é posible rexurdir.

HOME NOVO: Ensíneme o seu membro.

Home ancián déixalle ver.

HOME NOVO: É enorme. Creo que é o máis grande que nunca vin ata agora.

HOME ANCIÁN: Vostede búrtese de min.

HOME NOVO: Non, en serio, dígollo de verdade. Xamais vin nada igual.

HOME ANCIÁN: Grazas.

HOME NOVO: Tome tranquilamente un baño. Xa verá como se relaxa.

Home ancián afúndese na auga da bañeira. Home novo afógao. Recupera o frasquiño.

HOME NOVO: Sabe unha cousa? Vostede non tivo collóns para facelo. Pero eu si.

Bosque

Cheira á choiva recentemente caída.

Unha muller cun violoncello ás súas costas camiña amodo. A muller escoita o ruído dos seus propios pasos ao mover as follas.

Entra un rapaz.

RAPAZ: Perdoe a indiscreción, pero quizá vostede teña...

MULLER: O que?

RAPAZ: Unha explicación.

A muller non responde.

RAPAZ: Con frecuencia os disfraces son tan fondos que se confunden co interior das persoas.

MULLER: Veño dunha guerra.

RAPAZ: Cal?

MULLER: A Guerra.

RAPAZ: Oín falar dela. Teño entendido que foi dura. Máis que a guerra dos mil días ou que a guerra do día a día. Estou ben informado. Non son analfabeto, eu leo a prensa.

MULLER: Eu formo parte da orquestra literaria en retagarda. Cando un soldado morre, o seu corpo é transportado ata o interior dun bosque e alí é enterrado baixo as honras da orquestra. O meu violoncello adoita dar a última despedida.

RAPAZ: Estaba seguro de que vostede me daría unha explicación.

MULLER: O último caído en batalla foi un pobre debedor.

RAPAZ: Debedor?

MULLER: Debía algunhas letras. Solicitara un préstamo ridículo para montar un pequeno negocio, pero os intereses subiron dun xeito precipitado coa guerra. Quedou moi embargado. Perdeu a vida por mor das letras.

RAPAZ: Que pena.

MULLER: O malo das penas é que acaban por meterse nos ósos. Mira as deformidades

do meu corpo, non soamente por culpa de tocar o violoncello senón especialmente por tocalo con profunda pena.

RAPAZ: Ninguén o diría, parece vostede moi alegre.

MULLER: Ás veces dáme por rascar as cordas ao ritmo de fulgurantes baterías, tal que fogos artificiais que atravesasen o ceo. Neses instantes, lémbrome dos corpos de todos os nenos mutilados, dos corpos das mulleres atravesadas á baioneta, dos corpos abrasados que vin ao longo da miña profesión, e toleo, toleo ata chegar ao esquecemento.

RAPAZ: Os retrincos do azar son brutais.

Unha frecha xorde do interior do bosque e crávase no peito do rapaz no mesmo instante que di:

RAPAZ: Sinto tanta pena...

O rapaz cae. A muller arrinca a frecha do corpo inmóbil. Coa frecha acariña o seu violoncello.

Entra unha bailarina de ballet.

BAILARINA: Por favor, a guerra?

MULLER: A guerra acaba de rematar.

BAILARINA: Teño un emprazamento na guerra, cunha compañía de fanfarra para interpretar a danza sublime en honra aos caídos en batalla.

MULLER: Siga cara a adiante.

BAILARINA: Grazas.

Detrás da bailarina transitan, con ledicia, sons de acordeóns, gaitas, tambores, trompetas.

Palacio de Congressos

Reunión de artistas. Fume de pipas.

MULLER 1: Estamos aquí para discutir sobre a morte da arte.

MULLER 2: Iso xa o discutimos un millón de veces nos séculos anteriores.

MULLER 3: Non é suficiente. Aínda quedan visións por ofrecer, temas por recordar. Ademais, hai que actuar.

MULLER 2: A miña opinión é que a nosa obrigación é a de manernos á marxe da arte e a súa morte.

Entra unha muller con roupas de esmoleira e que arrastra un carriño de bebé. Condúceo a gran velocidade.

MULLER INDIXENTE: Chego tarde?

MULLER 1: Que interesante! Que mellor xeito para intervir neste simposio que inventando de novo o político!

MULLER 2: Si, é posible que esta muller sexa o resumo da inutilidade de todas as nosas apreciacións.

MULLER 3: Se non soubésemos que se trata dunha artista, pensariamos que esta muller é unha indixente que se extraviou neste Palacio de Congressos.

MULLER INDIXENTE: Son unha indixente.

O home saca ao neno que hai dentro do carriño.

MULLER 2: Está morto. É un neno morto.

MULLER 3: Símbolo do que aquí nos reúne, sen dúbida. Paradigma case mitolóxico do quefacer creativo a piques de ser asasinado.

MULLER 2: Pero este neno é real, non é un boneco.

MULLER 1: É un boneco. Hai unha gran diferenza entre o plástico e a pel.
A muller toca ao neno na barriga, esteponse a chorar durante dez segundos.

MULLER 1: Nin sequera está realmente morto. Non respira, o seu corazón non late... pero é capaz de chorar.

MULLER 2: E con todo, a reprodución é moi boa, moi naturalista.

MULLER 3: E por iso mesmo moi afastada do concepto artístico contemporáneo.

MULLER INDIXENTE: Perdoen... Traio unha mensaxe moi importante para vostedes.

MULLER 2: É que acaso é vostede allea a este congreso?

MULLER 1: Non é isto, seica, unha performance?

MULLER INDIXENTE: Non, para nada.

MULLER 2: Dá igual, aínda que ela sexa unha indixente, segue sendo unha artista, a súa inxenuidade á hora de acudir a este lugar, deste xeito, chea de improvisación, así o certifica.

MULLER 1: Se ben é verdade que o carriño podería estar máis traballado.

MULLER 2: Si, outra pátina faríao máis interesante.

MULLER 3: Pero o neno é auténtico.

MULLER 2: É unha copia milimétrica. O baleirado é inmellorable.

MULLER 3: Non quixese volver discutir sobre o que é ou non é representación...

MULLER INDIXENTE: Perdoen? Hei de entregarlles a miña mensaxe.

MULLER 2: Pero, de parte de quen?

MULLER INDIXENTE: De parte de René Crevel.

MULLER 1: Pobre home, tan novo e suicidado.
Muller indixente saca un revolver e pégase un tiro.

MULLER 3: Non foi un disparo limpo.

MULLER 2: Soou algo descontextualizado.

MULLER 1: Pero ela morreu, ou vive aínda?

MULLER 2: Eu diría que resucitou.
O neno chora outros dez segundos.

Paso de peóns

Un peón xogando sobre un paso de peóns.
Un automóbil dá unha freada xusto a tempo. Nel viaxan un home e unha muller. Os dous saen do vehículo.

HOME: Pero a qué xogamos?

PEÓN: Á mariola.

HOME: Pero non ve que puiden atopalo?

MULLER: Déixao, veña.

HOME: Como que o deixe? Ti oíches o que este imbécil dixo? Á mariola!

MULLER: Non te alteres, non che vai ben.

HOME: Podería partirlle o careto aquí mesmo.

MULLER: Imos, temos présa.
Óense pitadas doutros automóviles.

HOME: Vai, vai!
O home que xoga á mariola tómbase no chan.

HOME: Non dou crédito, pero é que quere que o atropele?

MULLER: Poderíamos deixalo ao carón.

HOME: Como deixalo ao carón?

MULLER: Bordealo, hai oco suficiente.

HOME: Pero non ves que nos está a provocar?

MULLER: Non nos pasou nada, só foi unha freada, iso é o importante. Veña, subamos, os de atrás impaciéntanse.

HOME: Pois que esperen, como eu teño que esperar. Eh, ti, levántate de aí!

MULLER: Prego, non ves que non está ben?

HOME: Como que non está ben?

MULLER: Alguén que xoga a dar saltos nun paso de peóns con tanto tráfico non pode estar ben.

HOME: E por iso hai que aguantar? Así nos vai! Aguantando, porque outros non están ben. Vou chamar á policía agora mesmo.

MULLER: Non o fagas, nunca se sabe, el pode dicir que está aí tombado porque o noso automóbil o golpeou.

HOME: Pero de parte de quen estás?

MULLER: Como de parte...?

HOME: Eu diría que defendes a este subnormal.

MULLER: Non é necesario descualificar a ninguén.

HOME: Isto é increíble! Comezo a estar farto da túa tolerancia. Non ves?... El nin se move, nin move as pestanas. Pero se... Está a rir!... Máis risa che vai dar cando pase por enriba de ti, imbécil.

MULLER: Non te achegues a el, rógocho.

HOME: (*Ao home tendido.*) Vouche a moer os ósos.

MULLER: Rógocho.

HOME: Vaite rir do teu puto pai, cabrón.

O home que está tendido senta e mira fixamente ao outro.

HOME: (*Á muller.*) Imos!

O home sube ao automóbil.

HOME: Imos!

MULLER: Eu non vou.

O automóbil roxe, fai simulacros de acelerar e atropelar ao peón.

A muller tende a súa man ao peón.

O peón levántase, comeza a correr. A muller corre con el.

Estación de metro

Unha muller cun manequín debaixo do brazo. Fío musical de rock.

Un home ábrese paso entre a xente.

HOME: Muller, por fin te atopo. Buscábate dende hai tempo. Non te lembras de min?

A muller cala, mira ao manequín, arrólallo.

HOME: Fai memoria. Un encontro fortuíto a través da rede. Colgaches no meu blog unha mensaxe de axuda. Eu respondínche. Durante meses mantivemos unha intensa relación. Foi tan emocionante... Tardei en conseguir unha fotografía túa, pero logo de dous meses de falar a través dun chat, ti enviáchesma. A min, en cambio, dábase vergoña que me coñeceses.

Móstralle a foto.

HOME: Ves?, es ti.

Ela non reacciona.

HOME: En certa ocasión concertaches unha cita comigo, pero non te presentaches. Estiven agardando durante horas, pensei que tiña unha dirección equivocada, ou que quizá acudiras para saber como era eu, e ao verme... Mandeiche unha mensaxe para coñecer o motivo daquel desprante. Diso fará dous anos... Pero non obtiven resposta. Tratei de localizarte a través da rede. Era coma se desapareceras. Que sucedeu? Nunca souben nada máis de ti. E agora, tan guapa como imaxinara! Que sorte a miña!

A muller bica ao manequín, abrázao, móvese timidamente con el.

HOME: Que sucede? É que non me recoñeces? Muller, teño necesidade de ti. Ás veces... creo non poder soportalo.

Ela sorri.

HOME: Pensabas que me esquecería, non é iso? Non podo. Lembro o primeiro poema que me enviaches, estaba cheo de paixón e tenrura. Aínda o teño presente: Choven bicos baixo o paraugas do lume... Non sei que pasou para que cambiaras tanto, para que dun día para outro...

O home detén a súa mirada nunha bágoa que sae dos ollos da muller.

HOME: Arrisquei a miña vida por atoparte, percorrín todas as estacións ferroviarias e subterráneas desta cidade. Intuíu que nalgún lugar no subsolo me atoparía contigo, e así foi. Non te preocupes, agora non nos separaremos nunca máis.

Deixa de soar o fío musical.

HOME: Podo apertarte?

El achégase a ela e estende os seus brazos.

HOME: Por que non me miras? Dásme medo. É coma se xa non estiveses viva.

Pasa un tren veloz que non para na estación. Cando o tren termina de pasar, o home non atopa á muller. Ela desapareceu.

Outra muller en camisón entra na plataforma.

MULLER: É tarde, é tarde o meu amor. Volve a casa.

HOME: Agora subo.

MULLER: Non te atrases. Agárdote esperta.

Lugar indeterminado

Unha muller dorme. A morte espértaa.

A MORTE: Chegou a túa hora.

MULLER: Quen es tí?

A MORTE: Son o mensaxeiro da morte.

MULLER: Imaxinábate con gadaña e con capa negra. Fóra!

A MORTE: Muller, isto non é un soño. Vas morrer.

MULLER: Déixame en paz.

A MORTE: Levanta, veño levarte comigo.

MULLER: É demasiado cedo para min.

A MORTE: Todo o mundo di o mesmo.

MULLER: Pero non deberías presentarte sen avisar?

A MORTE: E sen avisar vin. En teoría levas un minuto fóra do mundo no que vivías.

MULLER: Ah, non! Eu aínda teño moitas cousas que facer.

A MORTE: Non hai escusas.

MULLER: Si que as hai. Aínda non logrei ningún dos obxectivos que me propuxen cando era nena.

A MORTE: Como?

MULLER: Alégrome de que a morte sinta interese polos meus proxectos xusto neste momento. Pero saiba vostede que está sendo moi impertinente. Teño entre mans algo importante e vital. De min depende a vida doutras moitas persoas. Necesito unha semana máis, polo menos.

A MORTE: Non podo. Non son eu quen marca as regras do xogo. Só son un emisario.

MULLER: E quen entón marca as regras?

A MORTE: O azar. Hoxe tocoulle a vostede, pero podíalle tocar a outra persoa. Cada segundo defuncionan dous mortais neste planeta. Hai unhas cotas que cumprir, un mínimo... Veña, teño présa, cada vez somos menos os mensaxeiros, e con todo, non por iso a xente deixa de morrer.

MULLER: Non me entendeu. Teño billete de avión reservado para África. Alí espéranme. Son a encargada de levar unha vacina que salvará moitas vidas. Se eu falto, o avión partirá sen a vacina, e toda a campaña virá ao traste. Non me dirá agora que é cuestión de azar. Se eu morro, vostede e os seus compañeiros non poderán con tanto traballo. É iso o que desexa? Non me dirá que goza facendo o que fai. Mire, unha morte máis ou menos... Se vostede fai a vista gorda, todo o mundo sairá moi beneficiado.

A MORTE: Este xeito de proceder pola súa banda resúltame chocante, case insolente.

MULLER: Por que? Seica é vostede alguén respectable?

A MORTE: A xente respéctame.

MULLER: Respéctano porque actúa con violencia. Vostede non é democrático, moi señor meu. E o organismo que o envía menos aínda. Por non falar da ausencia de equidade e de xustiza.

A MORTE: Non sabe de que fala.

MULLER: Si o sei. Seino moi ben. Neste mundo só morren os máis débiles, ou os que teñen mala sorte.

A MORTE: É lei de vida.

MULLER: Lei de vida! Unha lei anticuada e caduca. Que pensa, que estamos na selva? Non se dá conta de que o planeta cambiou? Nesta cidade, sen ir máis lonxe, a única vida de verdade e con palabras maiúsculas que existe é a que se planta nas macetas.

A MORTE: Esta visita non é para discutir temas ontolóxicos, señora miña.

MULLER: E para que é entón, para levarme sen máis?, sen pedirme permiso e sen facerme preguntas? Prégolle que salga desta casa inmediatamente!

A MORTE: Señora, non poña as cousas máis difíciles.

MULLER: E que vai facer, matarme?

A MORTE: Se vostede me obriga...

MULLER: A ver, onde está a arma?... Onde?

A morte busca a súa arma na súa chaqueta, pálpase os pantalóns, non a atopa.

MULLER: Esqueceuse dela. O estrés non é bo para ninguén, amigo. Ah, con Deus! E non volva cedo.

Empuxa á morte. Esta sae.

A MORTE: Asegúrolle que os meus compañeiros de África non son tan comprensivos.

MULLER: Ah, si?, sabe unha cousa, entón? Quedo. Si, quedo. E que morra África.

Parada de autobús

Un home espera cun paraugas aberto.

Chega outro home, colócase á beira do primeiro.

HOME 2: Pode pechar o paraugas, deixou de chover.

Home 1 non responde.

HOME 2: Dígolle que xa non chove.

HOME 1: Non son xordo.

HOME 2: E non ten pintas de que volva chover. Foi só unha chuvascada.

HOME 1: Créolle.

HOME 2: Estea seguro.

HOME 1: Xa.

HOME 2: Entón, por que non pecha o seu paraugas?

HOME 1: Non me dera conta de que deixara de chover.

HOME 2: Ah! Vostede é dos que esquecen pechar o paraugas cando remata a choiva. Eu son dos que non lembran abrillo cando comeza.

HOME 1: O seu caso é máis grave que o meu. Supoño que ao entrar na ducha non esquecerá de abrir á auga.

HOME 2: Moi gracioso! Lémbra-me a un amigo da infancia que non desaproveitaba ocasión para facer un chiste xocoso. Era patético. Menos mal que...

HOME 1: Menos mal que?

HOME 2: Non quixen dicilo.

HOME 1: Aínda non dixeras nada.

HOME 2: Pero case o digo.

HOME 1: Que?

HOME 2: Menos mal que o atropelou un automóbil. O pobre... Non interpretes mal as miñas palabras, esta é unha desas cousas que se din sen pensar, non sei por que. Saen, e xa está... O auto pasoulle por encima e deixouno... E deixouno...

HOME 1: Tranquilo, a min tamén me pasa, mais doutro xeito. Non podo evitar calar o que ía dicir.

HOME 2: Que ía dicir?

HOME 1: Nada.

HOME 2: Creo que tomamos confianza suficiente como para que mo digas.

HOME 1: Es un perfecto canalla. Gozar coa desgraza dun amigo é o máis ruín que vin na miña vida.

Home 2 cuspe.

HOME 2: Pois para calar o que pensas tes a lingua moi solta.

HOME 1: Xa.

HOME 2: E con todo, no meu caso, mira por onde, fuches ti o que me sacou da boca algo que de ningún xeito ía dicir.

HOME 1: É o que pensas?

HOME 2: Pois si, é o que penso.

HOME 1: Que máis lle pasou ao teu amigo?

HOME 2: O auto estivo a piques de deixalo seco, pero salvouse. Aínda que non sei se isto foi para ben. O pobre quedou completamente tollido. Non creo que volvese sorrir. Eu, en certa medida sentíame culpable, pois pensaba que o atropelo sucedera porque eu

o desexara... Non era o único. El era un tipo enxeñoso e retranqueiro, por iso o odiabamos todos... Aínda que ás veces penso outra cousa... Que eu era das poucas persoas que o apreciaban de verdade.

Home 1 pecha o seu paraugas. Deixa á vista unha avultada chepa. Mira a home 2 de xeito fulminante, mortal.

De súpeto, cae unha forte chuvascada.

Televisión

MULLER: O seguinte caso non os deixará indiferentes, asegúrollo.

Un home novo e a súa nai, sentados.

FILLO: Nai, que sucede?

NAI: O teu pai volveu.

FILLO: Que?

NAI: O teu pai volveu.

Entra o pai.

PAI: Si, volvín, logo de tantos anos de ausencia, regresei. Non foi doado, falo en serio. O meu proceso foi complicado, e a viaxe moi longa. Pero non falemos de min. Á fin e ao cabo estou aquí, e isto é o que importa. Non dicides nada?... É que non vos alegrades?... Fillo, que emoción máis grande! Ven aquí, dálle un abrazo ao teu pai.

FILLO: Pai, por que regresaches?

NAI: Porque o abandonaron. Adoita pasar. Eles malgastan os seus aforros en compracer a unha porca calquera e máis tarde ela, cando xa non ten onde picar, lárgase con outro.

PAI: Non saques conclusións antes de tempo, muller. Ademais, regresei para quedar, estou no meu dereito... E que mellor lugar para pasar os últimos días da miña vida que na casa.

NAI: Non falarás en serio.

PAI: Estou algo cansado. Que hai para cear?

NAI: Mágoa. Hoxe non hai cea.

FILLO: Pai, non podes quedar, es un maltratador.

PAI: Vaia! Acabo de chegar e xa con esas?

FILLO: Non me digas que esqueciches todas as malleiras que lle dabas á miña nai.

PAI: A xente esaxera, fala, fala, bla, bla, bla. Eu xamais toquei a ninguén... Ti eras moi pequeno, non podes lembrar iso.

A nai ri.

PAI: A xente non conta toda a verdade. Fillo, eu funme porque non podía soportalo máis. Esta muller tíñame absolutamente controlado. Tiña tantos celos que me facía a vida imposible. Sempre sospeitando, sempre intrigando...

FILLO: Pai, porque non botas unha ollada ao espello?

PAI: A que te refires?

FILLO: Estás vello, estás acabado.

PAI: Esaxeras.

FILLO: Estás que das noxo. E esa cara tan amarelada?

PAI: Non é nada.

FILLO: É cancro de fígado. Réstanche como máximo un par de meses de vida.

A muller alégrese.

PAI: Estás seguro?

FILLO: Recoñezo esa cor a leguas de distancia. Licencieme en Oncoloxía.

PAI: Necesito un grolo.

Nai apresúrase a tomar unha copa e unha botella de licor para ofrecerllas ao home.

PAI: Lembro perfectamente cando nos coñecéramos. Ti eras unha monxa fríxida, simpática e linda. Foi unha pena que engordases tanto cando quedaches preñada.

Soan aplausos e pitos.

MULLER: Basta! Pero qué é isto!

NAI: Que sucede?

PAI: Dixen algo mal?

MULLER: Por Deus! Estamos en directo, esta é a primeira cadea, temos un 80 por cento de cota de pantalla, pero vostedes cren que isto lle interesa a alguén? A ver, ti (*ao pai*) non podes ser tan brando, es un cabrón e un desgraciado que regresa a casa porque é o único que lle queda! E ti (*á nai*) tes que chorar, que suplicar, que gritar que se largue se fai falta. E ti (*ao fillo*), parecez bobo, home, colles a botella e estámpala con todas as túas forzas na cabeza do teu pai. Foder! Pero en que estamos a pensar?

Rúa

Un indixente de mediana idade. Un chapeu no chan.

Unha muller colócase ao seu lado.

MULLER: Sempre que vexo a alguén como vostede, pártese a alma. Un home ben vestido, un pouco sucio, supoño que non ten onde asearse, pero cunha aparencia formidable e que a causa do infortunio vese na rúa, así, de súpeto, e sen nada...

A muller mira no interior do chapeu, conta as moedas.

MULLER: Que rañas é a xente!, verdade? Non sei como vostedes, os pobres, non se desaniman. Cantas horas lle custaron todos estes cartiños? Seguro que leva aquí todo o día. E co frío que vai. Está vostede tremelicando. Non sabe que hai sitios onde regalan roupa?... Por que non intenta facer algo? As estatuas viventes teñen moito éxito hoxe en día. Eu diría que a algunhas delas vailles moi ben. Non é preciso que se disfrace de nada en concreto, é suficiente con que busque unha cadeira e se sente nela na metade da rúa. É vostede un pobre, non? Pois actúe como un pobre, home. Non sexa tímido, anímese e sairá gañando... Eu buscaríalle esa cadeira, hainas a varrer nos colectores, pero xa vexo que a vostede non lle apetece prosperar. Na vida hai que abrirse camiño con imaxinación, xa non abonda dar patadas aquí e alá. E que tal un instrumento? Si, non me mire así, home, non me refiro a un violín ou unha frauta traveseira, non fai falta ser tan ambicioso, aínda que se lle digo a verdade, se vostede aprendese a tocar o saxo, forraríase... En toda a cidade non hai ninguén que toque o saxo, nin ben nin mal. Teño unha idea, podería traerlle un tambor da miña casa, está medio roto. Total, para mallalo un intre, calquera cousa serve. O asunto é chamar a atención.

O indixente colle as moedas, colócase o chapeu na cabeza, levántase, e con acento estranxeiro pregunta á muller:

HOME: Eu non ben aquí?

MULLER: Que?

HOME: Eu non ben aquí?

MULLER: Xa vexo que vostede non entendeu nada do que lle dixeran.

O home agacha a cabeza e vaise.

MULLER: E aínda por riba fuxe. Pero non se vaia, onde vai? Oia, teña coidado, onte mesmo queimaron a un indixente que durmía á entrada dun banco. Non escoita?... Debería buscar compañía. Corren malos tempos para á vida na rúa. Esta cidade é cada vez máis perigosa. Non responde?... Fillo de puta! Se o sei ábrote de arriba a abaixo... Por merda!... Por merda!... Oíches? Ábrote de arriba a abaixo, e non deixo de ti nin as tripas. Cada vez somos máis e non hai para tantos. E por riba non falan o noso idioma. Deberían exterminarllos. Dito queda.

A muller séntase no lugar do home e estende un pano no chan.

Sumidoiro

Escuridade. Tres homes camiñan coas súas lanternas acesas.

HOME 1: Chegamos.

HOME 3: Aínda non teño claro que facemos aquí.

HOME 1: Necesitamos atopar unha crave.

HOME 2: Quizá sexa mellor comezar por un obxectivo máis modesto.

HOME 3: É difícil ver nada.

HOME 2: Coidado, se caemos á cloaca, morreremos.

HOME 1: Non teñades medo. Non somos os primeiros que estiveron aquí e regresaron.

HOME 3: Creo que chegamos demasiado lonxe.

HOME 2: E sendo demasiado ambiciosos.

HOME 1: Crin que todos estábamos de acordo.

HOME 3: Dicías que sería doado.

HOME 1: Só hai que atopar unha crave. Unha conexión inédita pero xenial.

HOME 2: Estás seguro de que este é o camiño?

HOME 1: As grandes ideas circulan a través de circuitos subterráneos.

HOME 2: Que só os expertos son capaces de interceptar.

HOME 3: Silencio!... Creo que escoitei algo.

HOME 2: O que?

HOME 3: Nada.

HOME 1: Hai que ter paciencia. Hai que esperar a que pase algo importante. É cuestión de tempo.

HOME 2: Tempo? Diso non falamos.

HOME 1: É que tes présa? Pensa no futuro.

HOME 3: Aquí cheira fatal.

HOME 1: É cuestión de afacerse.

HOME 2: Comezo a ter dúbidas.

HOME 1: Asegúrovos que estamos no lugar apropiado.

HOME 3: E se todas as ideas brillantes quedaran na superficie?

HOME 1: É improbable.

HOME 3: Non está ben o que facemos. É un furto. Un plaxio.

HOME 1: Non nos descubrirán.

HOME 2: Pero cómo distinguir as boas ideas das...?

HOME 1: Hai que saber escoitar.

HOME 3: Aquí chega algo. É un texto.

HOME 1: Comproba que circula pola liña de rexistros. Só o que está a piques de ser rexistrado paga a pena.

HOME 2: Oxalá sexa un anuncio.

HOME 3: Parece un texto longo.

HOME 1: Un texto longo?

HOME 3: Máis de cincocentas páxinas.

HOME 1: Déixao pasar. Será unha obra de ficción.

HOME 2: Unha novela? A min interésame.

HOME 3: E a min tamén.

HOME 1: Ten ilustracións?

HOME 3: Non.

HOME 1: Insisto, déixao pasar.

HOME 3: Xa é tarde para iso. Está nas miñas mans.

HOME 2: E?

HOME 3: Non é unha ficción, é un documento cheo de números.

HOME 1: Tírao á cloaca. Rápido! Poderían ser números de identidade.

HOME 2: De identidades sen dereito, identidades ordinarias, identidades a piques de ser asasinadas.

HOME 3: Identidades víricas e sen control.

HOME 1: Imos morrer!

HOME 2: Iso seguro.

Confesionario

CURA 1: Bos días, filla.

MULLER: Bos días nos dea Deus, padre.

CURA 1: Que tes de novo?

MULLER: Padre, pequei.

CURA 1: Eu absólvote, filla.

MULLER: Non é o que vostede pensa, padre.

CURA 1: Nunca facemos todo o que desexáramos. Pero ti dás esmola de cando en vez aos pobres, apoias a grupos ecoloxistas, acodes a manifestacións, dás para comer ás pombas, estás cos que sofren, etcétera, etcétera.

MULLER: É algo distinto que ata hoxe non puidera comentarlle.

CURA 1: Se é algo persoal, é a miña obriga responder que non son a persoa máis indicada.

MULLER: Atentei contra o quinto mandamento.

CURA 1: O quinto?

MULLER: Non matarás.

CURA 1: E ti...

MULLER: Si.

CURA 1: Un animalíño, un rato. Ten en conta que todos son fillos de Deus, pero nós somos máis que ningún... Está ben matar, pero só a condición de que matar sexa ao noso servizo.

MULLER: Trátase de seres humanos.

CURA 1: Ás veces é mellor arrincar as malas herbas antes de que afoquen as boas.

MULLER: Pero padre, collín o vicio.

CURA 1: Dende cando?

MULLER: Non o sei, comecei hai un par de anos e agora non podoo parar.

CURA 1: Explicátese mellor, filla.

MULLER: Primeiro foi un peón na rúa, cando ninguén me vía. Creoo que foi por azar. Pero xa entón sentín algo especial, un pracer indescribible. Dende entón todo foi de mal a peor. Cando hai aglomeracións no metro empuxoo disimuladamente para que alguén caía xusto cando o tren chega. Nos cafés adoito botar matarratos nas cuncas cando ninguén me ve. Comprei un rifle automático e vou de caza de cazadores os domingos. Nas discotecas, cines e teatros adoito provocar incendios. Ao meu mellor amigo estranguleino a semana pasada coa cadea do váter dun retrete público mentres facía con el... Padre, dáme moito gusto faltar ao quinto.

O home vomita cara ao exterior do confesionario. Sae.

MULLER: O meu vestido!

Entra un cura máis novo que o anterior.

CURA 2: Está vostede soa? Quere recibir a confesión?

MULLER: Xa teño confesor, grazas.

CURA 2: Como a vexoo aí parada, agardando...

MULLER: Creoo que o meu confesor sentiuse indisposto.

CURA 2: Fágame o favor. Ave María Purísima.

MULLER: Sen pecado concibida. Verá, moléstame non ser tan solidaria como me gustaría. Este último Nadal comprei un piñeiro natural e tireino ao lixo cando pasaron as festas.

CURA 2: Iso é todo?

MULLER: Parécelle pouco emocionante?

CURA 2: Non, que va! O que ocorre é que non sei cal é o castigo que lle corresponde.

MULLER: Dígame que son unha mala persoo.

CURA 2: Muller!

MULLER: Merézoo, asegúrolloo. Son do peor que hai no mundo.

CURA 2: Pero se é vostede unha fermosoo muller... unha fermosísima muller.

A muller afástase. Regresa o cura vello.

CURA 1: Que che contou?

CURA 2: Creme, téñoa no bote.

Ascensor

Dúas mulleres dentro dun ascensor que sobe. O ascensor detense.

MULLER 1: Quedámonos atrancadas.

MULLER 2: Vexamos, onde está a alarma? Aquí. Non funciona.

MULLER 1: Que estraño, non é un día de tormenta, e tampouco son horas para cortes de luz. Pasaría algo fóra?

MULLER 2: Onde?

MULLER 1: No mundo.

MULLER 2: Non creoo.

MULLER 1: O mes pasado morreu un empregado cando caeu a caixa do ascensor mentres o reparaba.

MULLER 2: Son cousas que pasan. Esperemos que non tarden en vir. Alguén se dará conta de que o ascensor non funciona cando intente chamalo.

MULLER 1: Quizá pase algo tan gordo que todo o mundo prefira quedar na súa casa.

MULLER 2: Que esaxeración! Estame pondo vostede nerviosa. En que piso vive?

MULLER 1: No oitavo A.

MULLER 2: Ah, xa, vostede é unha desas prostitutas?

MULLER 1: Algún problema?

MULLER 2: Deberían pagar a cota coma se fosen empresa. Propúxeno na anterior reunión de veciños e volveireino a propor. Este ascensor, por exemplo, utilízao dez veces máis vostede e os seus clientes que todos os veciños da miña planta xuntos.

A muller 1 cospe ao chan.

A muller 2 saca unhas enormes tesoiras, colle con violencia do pescozo a outra e apunta coas tesoiras aos ollos da muller.

MULLER 2: E que? Que tes que dicir agora? Son capaz de todo.

MULLER 1: Estou segura de que algo pasou fóra. Algo parecido ao das torres xemelgas. Son naturais?

MULLER 2: Qué?

MULLER 1: Síntoas nas miñas costas e parécenme naturais. Eu tiven que...

MULLER 2: Non apertarías ti o botón de stop?... Puta!

MULLER 1: Tócame unha mamila.

MULLER 2: Serás...!

MULLER 1: Só é unha proba. Tócame unha mamila.

MULLER 2: Para que?

MULLER 1: Toca.

MULLER 2: Non insistas.

MULLER 1: Dáme unha dentada no pescozo.

MULLER 2: Non.

MULLER 1: Que non que? Gústame ese non. Imos. Estás a punto de sacarme os ollos. Seguramente pasou algo gordo, un atentado, o unha...

MULLER 2: Non podo.

MULLER 1: Que? Sentes o meu cu?

MULLER 2: O teu cu?

MULLER 1: O meu cu entre as túas deliciosas pernas.

MULLER 2: É suficiente. Cala o terei que sacarche os ollos.

MULLER 1: Sinto os golpes do teu corazón.

O ascensor móvese de novo.

Muller 2 garda as tesoiras.

O ascensor detense. Sae Muller 1.

MULLER 1: Foi un pracer.

MULLER 2: Un verdadeiro pracer.

Cama

Un home nunha cama. Innumerables tubos arrincan do seu corpo e van parar a unha máquina.

Dúas mulleres ao seu carón.

MULLER 1: Se polo menos el fose consciente...

MULLER 2: Resignación, muller.

MULLER 1: É un suicidio.

MULLER 2: Nunca saberemos os motivos.

MULLER 1: Quizais foi por amor.

MULLER 2: Iso é imposible, el ámanos.

MULLER 1: E se hai outra muller?

MULLER 2: Teríao dito.

MULLER 1: El era un gran poeta. Un grandísimo poeta fillo de poeta.

HOME: Estouvos oíndo.

MULLER 1: Se queres podo abrir un pouco máis a chave da alimentación asistida.. Tes fame?... Isto é unha tolemia. Ti cres que vas poder resistir moito tempo así, en estado vexetal?

MULLER 2: Non insistas, que faga o que queira.

HOME: Deixei todo arranxado. Unha ducia de libros de antoloxía poética... Os números impares son para unha e para a outra os números pares. Oxalá que vos produzan valiosas rendas. Agora, fóra!

MULLER 1: Es moi xeneroso. Pero de verdade cres que os teus poemas sacarannos da miseria?

MULLER 2: Recórdoche ademais que te mantemos dende hai moitos anos. Limpamos portais para pagar as túas débedas.

MULLER 1: Ademais, son libros non publicados. Poemas inéditos.

HOME: Tedes razón.

MULLER 1: É que hai unha terceira muller?

MULLER 2: Estamos seguras de que hai outra.

MULLER 1: Non podes esquecerla, verdade? Ela feríute de morte.

MULLER 2: Conta, tamén lle les a ela os teus poemas?

HOME: Deixádeme en paz. Fóra de aquí, bruxas.

MULLER 2: Es un hipócrita, quen se encargará de manter a punto esta máquina, e de pagar as facturas do hospital?

MULLER 1: Prego, quérenos.

MULLER 2: Necesitamos os teus agarimos.

MULLER 1: A túa tenrura.

MULLER 2: Vive!

HOME: Son un enfermo terminal.

MULLER 1: Hai outra muller.

MULLER 2: E é a musa dos poemas que imaxinamos, estou segura.

MULLER 1: Non dis nada?... Vaite ao inferno!

MULLER 2: Sábelo, verdade?... Sabes ben que es un pésimo poeta.

Muller 2 dá unha patada á cama onde está o home. Muller 1 arrinca as sondas. As dúas mulleres empréndena contra o corpo do home. Tíranos ao chan.

O home xeme.

O home expira.

Bufarda

Un matrimonio. É unha parella vella, cansa e enferma.

O fillo, ás súas costas, véstese.

HOME: Hai días que non vemos aos vellos da bufarda de en fronte.

MULLER: É certo, hai días que non asoman as súas cabezas pola fiestra para saudarnos. Quizá marcharan de viaxe.

HOME: Mellor, así descansamos unha tempada. Estaban un pouco pesados con tanto saúde. Ultimamente estendían os seus brazos de xeito esaxerado para preguntarnos case gritando pola nosa saúde.

MULLER: Que estraño, non nos dixeran nada.

HOME: Estarán enfermos. Aínda que o dubido. Parecen duros como a pedra, xamais vin a ninguén tan rabiosamente feliz.

MULLER: Escoitei que el ten máis de oitenta anos, e ela non anda lonxe... Os dous danlle á botella de viño que... Entre nós, estou segura que de cando en vez fuman herba.

HOME: Non sexas mal pensada, muller.

MULLER: Que perdición de vida! Se polo menos tivesen fillos.

HOME: Os fillos son a alegría das familias. Sen o noso fillo, o noso sangue perderíase.

MULLER: Eu teño moitas esperanzas investidas nel. É moi intelixente. Máis do que ti pensas.

HOME: Nunca pensei que...

MULLER: É raro... Parecían fortes e sans como unha mazá.

HOME: Xa sabes como son estas cousas. Cando entra a gadaña nunha casa...

MULLER: Mira, paréceme que teño nostalxia de...

HOME: Pecharon unha fiestra aos nosos ollos.

MULLER: E nos nosos narices.

HOME: E porén, eles non son o noso devezos. A nosa gran ilusión é o noso fillo.

MULLER: Paréceme velos, alí sentados fronte ao televisor, ou charlando, ou bailando coma adolescentes...

HOME: Xa volverán.

MULLER: Pasaron xa case tres días.

HOME: 56 horas, máis ou menos.

MULLER: Teño un mal presaxio.

HOME: Lémbreste daquela vez que estiveron bicándose durante máis dunha hora sen parar?

MULLER: Sabes? Algunhas veces penso o moito que se parece a túa cara á cara do vello.

HOME: Non me gusta que fales diso.

MULLER: Pensei que de aquí a uns anos, cando o noso fillo sexa avogado, poderíamos colocar unha placa no cristal, para que eles...

O home pon as súas lentes, toma un xornal, le.

HOME: Unha parella morre ao ser mallados no seu propio domicilio.

Ao fondo da habitación, o fillo terminou de poñer a súa casaca. Toma un bate de béisbol coa man dereita e golpea con el a palma da esquerda.

Roupeiro

No interior do roupeiro soa un longo voar de paxaros.

As dúas mulleres falan desde dentro:

MULLER 1: Era necesario?

MULLER 2: A derrota obríganos.

MULLER 1: Pero aquí, dentro deste absurdo balbordo?

MULLER 2: De certo.

MULLER 1: Temos que andar con moito coidado. Por riba, esta situación parécese excesiva.

MULLER 2: Non esteas tan segura. A fame e o medo empuxan ata extremos...

MULLER 1: Que esaxeración! Eu non vexo posible unha volta aos tempos...

MULLER 2: Teño que dicirche algo importante... Este armario é público.

MULLER 1: Que? Pero ti dixeches...

MULLER 2: Que o mercara. E merqueino, claro que o merquei.

Aproxímase o ruído dun aspirador.

MULLER 2: Cheiras a fresa aceda.

MULLER 1: Supuxen que estaríamos moi preto unha da outra. En fin, aclárame o motivo polo que nos atopamos aquí.

MULLER 2: Xa o sabes. Búscannos.

MULLER 1: Perderámonos, é lóxico.

MULLER 2: Dirás máis ben que sufrimos a perda, e que por iso tivemos que escondernos.

MULLER 1: Se non queríamos morrer.

MULLER 2: Iso é un eufemismo.

MULLER 1: Como queiras. Non desexo gastar máis o tempo. Hai algo mais que queiras contarme?

MULLER 2: Sobre que asunto?

MULLER 1: Sobre o feito de estar aquí escondidas.

MULLER 2: Non fuxas nunca, por favor.

MULLER 1: Por canto tempo me necesitas?

MULLER 2: Ata que todo termine.

O aspirador soa cada vez máis forte.

Muller 1 intenta abrir a porta cara fóra.

MULLER 1: Non podo.

MULLER 2: Só pode abrirse desde o exterior.

MULLER 1: Por sorte somos amigas.

MULLER 1: E a amizade nos une, non si?... E esa cámara?

MULLER 2: Cal?

MULLER 1: A que está naquela esquina superior. Aseguráchesme que este era un auténtico refuxio.

MULLER 2: Xa non fabrican armarios sen sistema de vixiancia.

MULLER 1: Mentos.

MULLER 2: Xúroo. Todas as cousas que se fabrican levan unha cámara incorporada. Os armarios, os caixóns, as lámpadas, os libros, os champús...

O aspirador deixa de facer ruído.

Ábrese a porta.

Unha bandada de paxaros escapa do interior.

MULLER 1: Estamos perdidas.

MULLER 2: Por fortuna, os armarios aínda non teñen luz.

MULLER 1: Nin liberdade.

MULLER 2: Por que seguimos sen aceptar a derrota?

ÚLTIMOS TEXTOS EDITADOS POLA R.G.T.

- Gustavo Pernas Cora:** *Colgados* (nº62)
- Josep María Miró:** *A muller que perdía todos os avións.*
Tradución: Afonso Becerra (nº63)
- Luis Araújo:** *Por que as acacias non han dar xarope?* (nº64)
Tradución: Xosé Manuel Pazos Varela
- Abel Neves:** *Nunca estive en Bagdad* (nº65)
- Teté García, Marta Pérez, Rosa Puga, Vanesa Sotelo:** *Expostas* (nº66)
- Lluïsa Cunillé:** *O tempo.* Tradución: Afonso Becerra de Becerreá (nº67)
- Eduardo Alonso:** *Piratas* (nº68)
- Jose Maria Vieira Mendes:** *Padam Padam* (nº69)
- Joan Giralt Bailach:** *Fóra feira* (nº70)
- Josep Maria Miró i Coromina:** *O principio de Arquímedes* (nº71).
Tradución: Afonso Becerra de Becerreá
- María Xosé Queizán:** *Ritos de sangue* (nº 72)
- Marta Freitas:** *Imundação* (nº73)
- Fernando Epelde:** *Caixa negra* (nº74)
- Raúl Dans:** *Unha corrente salvaxe* (nº75)
- VV.AA:** *Micropezas* (nº76)
- Susana Hornos e Zaida Rico:** *Bagos de uva no padal* (nº77)
Tradución: Xosé Manuel Pazos Varela.
- Ricardo Cabaça:** *Morte súbita* (nº 78)
- Carles Mallol:** *Mata o teu alumno* (nº79)
Tradución: Afonso Becerra de Becerreá
- Wajdi Mouawad:** *Arelantes* (nº 80)
Tradución: Henrique Harguindey Banet
- Clara Gayo:** *Prohibido sufrir* (nº 81)
- Gonçalo Waddington:** *Albertine, o continente celeste* (nº82)
- Xavi Morató:** *Un pé xigante esmágaos a todos* (nº83)
Tradución: Afonso Becerra de Becerreá

Consulta os textos publicados pola RGT na web:

www.revistagalegateatro.com